## Axudas á investigación - Bolsas de Verán 2022

### Convocatoria 2022

| DATOS XERAIS | |
|---|---|
| **Texto da convocatoria** | **Enlace á convocatoria** |
| **Descrición xeral** | O obxecto das bolsas será o de fomentar a iniciación á investigación mediante a atracción de estudantes de alto nivel interesados en realizar unhas prácticas formativas extracurriculares no marco dun proxecto de investigación.<br>As persoas beneficiarias terán asignado un proxecto de investigación nunha das áreas de investigación dos membros da Rede de Centros Singulares de Investigación da USC que contan coa acreditación de Centros de Investigación do SUG 2019-2022 que ofertan as bolsas, baixo a supervisión dun/ha investigador/a principal |
| **Número e importe das axudas** | **O número de bolsas virá distribuída por centro singulares de investigación, coa seguinte distribución:**<br><br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – CiMUS**:<br>• 14 bolsas, das que alomenos 8 serán reservadas para alumnos da USC.<br>• Período durante o mes de xullo 2022<br>• Contía: 750 € brutos ou parte proporcional + gastos de desprazamento de 80 € ou 200 € se son de alumnos de Galicia ou fóra da nosa comunidade (véxase convocatoria).<br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – CiQUS**:<br>• 15 bolsas, das que alomenos 5 serán reservadas para alumnos da USC.<br>• Período durante o mes de xullo 2022<br>• Contía: 750 € brutos ou parte proporcional + gastos de desprazamento de 80 € ou 250 € se son de alumnos de Galicia ou fóra da nosa comunidade (véxase convocatoria).<br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – CiTIUS**:<br>• 14 bolsas.<br>• Período durante o mes de xullo 2022.<br>• Contía: 750 € brutos ou parte proporcional + gastos de desprazamento de 80 € ou 300 € se son de alumnos de Galicia ou fóra da nosa comunidade (véxase convocatoria).<br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – IGFAE**:<br>• Mínimo 10 bolsas.<br>• Período durante o mes de xullo 2022<br>• Contía: 750 € brutos ou parte proporcional + gastos de desprazamento de 80 € ou 500 € se son de alumnos de Galicia ou fóra da nosa comunidade previa aprobación da dirección do IGFAE (véxase convocatoria). |

| | |
|---|---|
| **Requisitos** | A nota media do seu expediente académico debe ser igual ou superior a 8 puntos sobre base 10, debendo ter superado polo menos o 55 % dos créditos da titulación, ademais teráse en conta o seguinte:<br><br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – CiMUS**:<br>Estar cursando o último ou penúltimo curso dos graos en Bioloxía, Farmacia, Medicina, Química ou de outra titulación relacionada, de calquera universidade.<br>O alumnado que se atope no penúltimo curso, debe ter superados os créditos da titulación indicados na base Cuarta<br><br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – CiQUS**:<br>Estar cursando estudos correspondentes ao último ou penúltimo curso do grao en Química ou titulacións relacionadas (Bioloxía, Biotecnoloxía, Farmacia, Física etc...), debendo ter superados os créditos da titulación indicados na base Cuarta, debendo ter superados os créditos da titulación indicados na base Cuarta<br><br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – CiTIUS**:<br>Estar cursando estudos correspondentes ao último ou penúltimo curso dos graos en Enxeñaría Informática, Enxeñaría de Telecomunicación, Física, Matemáticas ou disciplinas afíns, debendo ter superados os créditos da titulación indicados na base Cuarta.<br><br>**CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN – IGFAE**:<br>Estar cursando un dos dous últimos anos de calquera grao na Área Europea de Ensino Superior ou calquera outro sistema universitario. Se reservan 8 bolsas para o alumnado dos graos en Física, Matemáticas, dobre grado Matemáticas-Física, ou graos equivalentes.<br>Cumprir os requisitos da base Cuarta da convocatoria. |
| **Solicitudes e prazo de presentación** | O proceso de presentación por parte das persoas candidatas da súa solicitude para participar nesta convocatoria.<br>ENLACE Á SOLICITUDE<br>O prazo será de 7 días naturais a contar a partir do día seguinte ao da pubicación no taboleiro da USC<br><br>TABOLEIRO USC |
| **Documentación que debe achegar na solicitude** | • Copia do expediente académico do grao ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando ou cursara a persoa solicitante. No suposto de ter realizado estudos no estranxeiro nun idioma diferente ao inglés, a certificación deberá presentarse coa tradución oficial ao español ou galego.<br>• Copia do xustificante de matrícula correspondente ao curso 2021/2022 ou documento acreditativo expedido pola universidade correspondente.<br>• Currículo vitae da persoa solicitante.<br>• Carta de motivación coa expresión do interese na obtención da bolsa.<br><br>Coa presentación da solicitude as persoas solicitantes asinarán unha declaración responsable manifestando que a documentación achegada e a información declarada é veraz e comprometéndose a achegar a documentación orixinal no caso de que lles fose requirida en calquera momento do proceso de selección ou durante o goce da bolsa.<br>O incumprimento do requirimento dará lugar á exclusión da solicitude durante o proceso de selección ou ao reintegro da bolsa no caso de que a persoa resultase beneficiario. |
| **Información sobre a convocatoria** | **USC**: recursoshumanos.programas@usc.es |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | galicia | XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

| FORMULARIOS : | |
|---|---|
| Solicitude | ACCESO FORMULARIO DE SOLICITUDE |
| Carta de aceptación centro receptor | ENLACE CARTA DE ACEPTACIÓN |

Xacobeo 21·22